



O vicepresidente primeiro do Parlamento recibiu a unha trintena de participantes nun programa europeo de intercambio xuvenil que se atopan en Galicia e hoxe visitaron o Parlamento

Baltar Blanco anima aos mozos a aproveitar todos os programas europeos que promoven o coñecemento mutuo

- **Adianta que o Parlamento ultima un programa de actividades dirixidas a nenos e mozos**

Santiago, 28 de agosto de 2009.- O vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, Xosé Manuel Baltar Blanco, anima aos mozos a aproveitar todas as posibilidades que ofrecen a Unión Europea e outras organizacións para facilitar o coñecemento mútuo entre os habitantes dos diferentes países, non só para promover a formación humanística integral da persoa, senón tamén para mellorar o dominio dos idiomas e explorar novas posibilidades de inserción laboral.

Nesta liña, o vicepresidente da Cámara adiantou que o Parlamento de Galicia está a ultimar un programa de actividades dirixido a nenos e mozos para impulsar o coñecemento das institucións e inculcar valores democráticos.

Baltar Blanco recibiu este mediodía, no seu despacho do Parlamento a unha trintena de mozos de entre 18 e 30 anos procedentes de cinco países europeos diferentes –España, Letonia, Polonia, Eslovaquia e Turquía-, que estes días se

atopan en Galicia participando nun programa de intercambio xuvenil da Unión Europea.

Estes mozos, que hoxe visitaron a Cámara galega, entre outras actividades programadas, comezaron a chegar a Galicia o pasado mércores, 26 de agosto, e partirán cara oa seus lugares de orixe o próximo venres, 4 de setembro.

Esta actividade enmárcase no programa “Xuventude en Acción”, da Unión Europea que, neste caso, consiste nun intercambio xuvenil baseado no desenvolvemento de numerosas actividades deportivas. De feito, o programa elaborado para estes días inclúe a práctica de sendeirismo, vela, paintball e piragüismo, entre outros deportes ao aire libre. Tamén se organizaron visitas urbanas e a paraxes naturais e talleres culturais.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia